

## CRITERIOS DE SELECCIÓN DE ALUMNADO DE CICLO SUPERIOR CANDIDATO Á BECA ERASMUS- 2024/2025

### CIFP AS MERCEDES

Nº Proxecto:2023-1-ES01-KA131-HED- 000147436

A selección do alumnado farase de acordo aos seguintes criterios:

#### 1. Expediente académico (máximo 4 puntos).

Terase en conta a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentes e a nota media do primeiro curso do ciclo no resto de casos.

- Nota media inferior a 6: 1 punto.
- Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.
- Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.
- Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.

#### 2. Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):

- Certificación de nivel B1: 1 punto.
- Certificación de nivel B2: 2 puntos.
- Certificación de nivel C1: 3 puntos.
- Certificación de nivel C2: 4 puntos.

#### 3. Entrevista persoal ou Valoración do titor ou do equipo docente (máximo 4 puntos):

- A comisión avaliadora realizará unha entrevista á persoa candidata na cal se valorarán as aptitudes e actitudes persoais en relación coas actividades a desenvolver durante a mobilidade, o grao de responsabilidade, a capacidade de traballo en equipo e a capacidade comunicativa.
- De non se presentar á entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.
- Deberase obter unha puntuación mínima de 2 puntos neste apartado para superar a fase de selección.

A entrevista persoal poderá ser substituída por unha valoración do titor ou, de ser o caso, do equipo docente, si así o estima a comisión avaliadora.

#### 4. Persoas participantes con menos oportunidades: recibirán 2 puntos neste apartado aquelas persoas solicitantes que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

a) **Discapacidade:** para acreditar esta situación a persoa solicitante deberá dispoñer dun certificado de discapacidade emitido pola autoridade correspondente ou ter una solicitude aberta para o recoñecemento da discapacidade, con informes médicos, psicolóxicos e psiquiátricos ou de entidades sociais.

b) **Dificultades educativas e formativas:** acreditarase mediante informe preceptivo do Departamento de Orientación do centro educativo.

c) **Obstáculos socioeconómicos:** esta situación acreditarase mediante algún dos seguintes documentos:

- Certificado de ser ou ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado no curso inmediatamente anterior ao que se realice a mobilidade.
- Certificado de ser beneficiario de bolsa de comedor/libros.
- Certificado de percepción de prestación de Ingreso Mínimo Vital, Renda Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza da unidade familiar ou do proxenitor que teña a custodia (no caso de menores).

- Informe dos servizos sociais que acredite a situación de exclusión social, risco de exclusión social ou situacións de especial necesidade e/ou emerxencia social.
- Certificado de familia numerosa.
- Certificado de familia monoparental.
- Certificado de vítimas de terrorismo.
- Acreditación de situacións de violencia de xénero.
- Certificado de orfandade.
- Certificado de situación de dependencia, participantes con dependentes a cargo.
- Certificación de ser persoa tutelada pola Administración.
- Acreditación de situación daquelas persoas que non poden acceder ás prestacións ás que se fai referencia neste apartado, por algunha das seguintes causas: falta do período esixido de residencia ou empadramento ou ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido.
- Estudiantes con contratos de traballo a tempo completo.

d) **Problemas de saúde:** para acreditar esta situación a persoa solicitante deberá dispoñer dalgún dos seguintes documentos:

- Certificación de situación de saúde física que xere a necesidade de apoio adicional: informe médico expedido polo centro de saúde/especialista ou a autoridade sanitaria competente.
- Certificación de situación de saúde mental que xere a necesidade de apoio adicional: informe de saúde mental expedido polo centro de saúde/especialista ou a autoridade sanitaria competente.

e) **Diferenzas culturais:** acreditarase mediante algún dos seguintes documentos:

- Resolución de ter a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria, ou xustificante de ter presentado solicitude de protección internacional en España.
- Informe dos servizos sociais que acredite a pertenza a outra etnia.
- Informe do Departamento de Orientación do centro educativo.

f) **Discriminación:** esta situación acreditarase mediante certificado da administración competente e informe do Departamento de Orientación do centro educativo que xustifique este obstáculo, por exemplo, por acoso escolar.

## 5. Criterios de desempate.

No caso de empate darase prioridade ás persoas solicitantes con menos oportunidades. Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.